

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NO MERCADO EMISOR DE MADRID

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co **Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no mercado emisor de Madrid que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

- 1.- Spot publicitario
- 2.- Campaña de publicidade en diferentes soportes:
- 3.- Publicidade en pantallas -Madrid
- 4.- Publicidad en estacións Ave
- 5.- Promoción en estacións de tren Atocha-Chamartín.
6. Colaboración influencer.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeira.- Que a Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar,



coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segunda.- Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o INORDE é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sustentable de toda a provincia. Os seus Estatutos, publicados no nº 231 do BOP de Ourense do 5 de outubro de 2004, establecen entre outros obxectivos o de "impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia" (art. 3.f).

Así mesmo, o artigo 4.1. f) establece que para acadar os seus obxectivos o INORDE poderá "promover e establecer acordos técnicos e económicos de todo tipo de empresas, organismos, institucións, asociacións e expertos que poidan contribuír ao cumprimento dos obxectivos do INORDE" engadindo no punto 2 que "para o exercicio das súas funcións, o INORDE disporá das mesma potestades administrativas que a lei lle atribúe á Deputación".

O INORDE como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio, sendo os obxectivos que se pretenden acadar a través del:

- 1.- Desestacionalización da oferta turística.
- 2.- Elaboración e promoción de produtos turísticos centrados no termalismo e no deporte.



3.- Promoción de produtos turísticos en mercados de proximidade.

As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

Terceira.- A próxima chegada do AVE a Galicia a través de Ourense require dunha especial incidencia informativa para poder aproveitar a situación de ventaxa competitiva, ao incrementar exponencialmente a oportunidade de atraer novos visitantes, xa sexa do territorio da Meseta ou a través de conexión con outras cidades.

A sinatura dun convenio de colaboración co INORDE (Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico) para impulsar unha completa campaña turística que aborde en primeira estancia ao mercado de Madrid, co fin de realizar unha chamada de atención sobre este fito da conectividade ferroviaria e transmitir o tipo de experiencias turísticas que pode ter o visitante a 2,15 h. de distancia en temporada desde outono a primavera, é a canle máis apropiada para asegurar un desenvolvemento turístico equilibrado na totalidade do territorio da provincia, garantindo así a eficacia e a eficiencia dos recursos dedicados á promoción turística.

As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse cumprimento ao establecido na liña estratéxica 6 do Plan Integral de Turismo de Galicia que no seu punto sexto establece a necesidade de establecer actividades de cooperación interadministrativas a través de convenios de colaboración coas deputacións provinciais.

Cuarta.- Que, polo exposto, concorren, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que coas actuacións obxecto do presente convenio contribúese á promoción non só da provincia senón da Comunidade Autónoma e a



potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, así como ao fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Que a través deste convenio, outórgase ao INORDDE unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

